

## **CIRCULAR 145-2023.**

### **XIX COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS EN PISTA CURTA**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza a XIX Copa Xunta de Galicia de Clubs en Pista Curta o 14 de xaneiro de 2024 en Expourense (Ourense).

**Art.2).**- Poderán intervir un total de 8 clubs masculinos e femininos, estando convidados de forma directa os catro primeiros clasificados da edición anterior:

<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
S.G. Pontevedra	At. Femenino Celta
R.C. Celta	S.G. Pontevedra
CA Santiago	Ría Ferrol - C. Arenal
Lucus Caixa Rural Galega	Ourense Atletismo

Todos estes clubs deberán confirmar a súa participación antes das 20:00h do luns 1 de xaneiro a:

[direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

O resto dos Clubs clasificaranse por estadillo de marcas a un atleta por proba e coas mesmas condicións previstas no art. 3.

- Presentación a través da SDP (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00h do luns 1 de xaneiro.
- Puntuarase segundo Táboa WA 2017 de aire libre, agás o 60 e 60v que puntuarase pola táboa de pista curta.
- As probas a presentar no estadillo son as seguintes:

**Homes:**

60 (ou 100), 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000), 60v (ou 110v), altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

**Mulleres:**

60 (ou 100), 200, 400, 800, 1.500, 3.000 (ou 5.000), 60v (ou 100v), altura, lonxitude, triplo, pértega e peso.

Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2023 e 2024, tanto en aire libre como en pista curta, por atletas con licenza en vigor polo club participante ou asociados a este, aínda que teñan estado noutro club no 2023.

**Art.3).**- Poderán participar os/as atletas pertencentes aos clubs participantes e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta só poderá participar nunha proba individual e nunha remuda.
- Non poderán participar atletas da categoría Sub 14 e inferiores.
- Categoría Sub18: poderán participar nas probas autorizadas para dita categoría. No caso de participar nunha carreira de distancia superior aos 200m, non poderán participar na remuda.
- Categoría Sub16: poderán participar nunha proba individual, sempre que esta sexa autorizada para dita categoría.

<b>Nº Máximo de Participacións por Club</b>	
<b>Asociados</b>	<b>Estranxeiros</b>
3	3*

*\*(Non contabilizan atletas das categorías Sub 16 e Sub 18)*

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

**Art.4).**- Prazo de reclamacións e renuncias.

- Rematará ás 14:00 horas do xoves 4 de xaneiro e serán remitidas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Aqueles clubs que, non estando entre os equipos provisionalmente clasificados, queiran renunciar á posibilidade de acadar praza na listaxe definitiva, deberán comunicalo neste mesmo prazo.

**Art.5).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 8 de xaneiro.

Cada Club deberá realizar inscrición nun mínimo de 11 probas, non sendo admitidos aqueles que non cubran ditas prazas.

**Art.6).**- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 4 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas. Os cambios efectuados nas probas de remudas sobre a inscrición inicial, non se contabilizarán.

**Art.7).**- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 6 intentos, sen cambio de orde.

**Art.8).**- Saltos verticais.

- Comezarase, dentro da cadencia, na altura máis baixa das solicitadas polos atletas e que permita a instalación.

**Publicaranse as cadencias unha vez pechado o prazo de inscrición.**

- Non se realizará desempate polo primeiro posto.



**Art.9).**- O sorteo de estaxes e orde de actuación publicarase unha vez se comunique a totalidade de clubs clasificados.

**Art.10).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.11).**- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

**Art.12).**- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	6'
Valos e remudas	10'
Concursos	20'
Pértega	35'

Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.13).**- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte sistema:

1º: N, 2º: N-1; 3º: N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.

En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descalificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 11 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

**Art.14).**- Haberá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.



**Art.15).- Horario da competición:**

<b>COPA XUNTA DE GALICIA DE CLUBS</b>						
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>CATEGORÍA</b>	<b>PÉRTEGA</b>	<b>ALTURA</b>	<b>PESO</b>	<b>S. HORIZONTAIS</b>
16:00			Homes	Mulleres		Lonx Homes
16:10					Homes	
17:00	60 valos	Mulleres				Lonx Mulleres
17:10	60 valos	Homes				
17:20	800	Mulleres				
17:28	800	Homes				
17:30					Mulleres	
17:38	200	Mulleres A				
17:44	200	Mulleres B				
17:50	200	Homes A				
17:56	200	Homes B				
18:00				Homes		
18:02	400	Mulleres A				
18:05						Triplo Homes
18:09	400	Mulleres B				
18:16	400	Homes A				
18:20			Mulleres			
18:23	400	Homes B				
18:33	60	Mulleres				
18:39	60	Homes				
18:45	1500	Mulleres				
18:53	1500	Homes				
19:01	3000	Mulleres				
19:10						Triplo Mulleres
19:15	3000	Homes				
19:30	4x400	Mulleres B				
19:38	4x400	Mulleres A				
19:46	4x400	Homes B				
19:54	4x400	Homes A				

**Art.16).- Reunión técnica cos delegados dos clubs na zona de meta ás 15:45**

- Elección de táboas do triplo (ata un máximo de 3)
- Outras consideracións a considerar polo Xuíz Árbitro ou os delegados.



**Art.17).**- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- Inscripcións fora de prazo: 25 € por equipo. Deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración.
- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

**Art.18).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 25 de decembro de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**